

**CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN MEDIACIÓN PENAL**

O Colexio de Avogados, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica, o Instituto de Criminoloxía e a Facultade de Dereito da USC, organiza un curso de especialización en mediación penal dirixido a avogados e avogadas deste colexio con titulación de mediadores e que estean **inscritos no rexistro colexial de mediación**.

Obxectivos: A mediación penal constitúese en eixe central das últimas reformas do Código penal e da futura reforma da lei procesual penal que debe instrumentalizar legalmente a mecánica para levar a efecto a mediación. Por isto, é fundamental que os avogados do ICA de Santiago comecen xa a formación en mediación penal **para estaren en condicións de ofrecer os seus servizos a órganos xudiciais que participan na posta en marcha do programa experimental de mediación no ámbito penal en Santiago** de Compostela, que é obxecto de convenio de colaboración que se vai asinar proximamente entre o CXPX, a Fiscalía, a Xunta de Galicia, o ICA de Santiago e a USC.

Funcionamento do programa experimental. O programa experimental de mediación no ámbito penal de Santiago de Compostela funcionará como unha quenda rotatoria entre os letrados inscritos e que acrediten a superación do presente curso de especialización. A inclusión na quenda de mediación penal non será incompatible coa quenda de oficio penal nin coa de asistencia ao detido. A súa retribución realizarase de acordo co financiamento que se estableza no convenio que se vai asinar proximamente.

Dirixido a: avogados/as do ICA de Santiago con título de mediador/a e inscritos/as no rexistro colexial de mediación

Días: 7, 12, 13, 14, 19, 21, 27, 28 e 29 de xullo de 2016

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago; aulas da EGAP; salón de actos da facultade de dereito e instalacións da EPX.

Horario: de 16.30 a 21.30 h

Núm. de horas: 50

Prazas: 60

Diploma acreditativo: si

Avaliación: asistencia controlada (80 % mínimo); informe favorable de formadores; proba específica de coñecementos

Custo: 100 €

Matrícula e prazo: na secretaría do Colexio facendo efectivo o importe do curso; ata o luns 4 de xullo, ás 14.00 h

Programa resumido:

Xoves, 7 de xullo: 16.00 a 21.30 h

16.00 h INAUGURACIÓN DO CURSO

Decano do ICA de Santiago; vicepresidente da Xunta de Galicia; xuíz decano de Santiago, fiscal xefe de Santiago, decano da Facultade de Dereito; director do Instituto de Criminoloxía; director da Escola de Práctica Xurídica

16.30 h MÓDULO 1. A xustiza restaurativa e a mediación penal

Fernando Vázquez-Portomeñe, prof. titular de Dereito Penal da USC e director do Instituto de Criminoloxía

**19.00 h MÓDULO 2. Marco legal da mediación penal e protocolos**

Rosa María Freire Pérez, maxistrada do Xulgado de Instrución núm. 32 de Madrid, no que se instaurou un programa de MPI; impulsora da mediación penal en Cataluña e ex-directora da Escola Xudicial

Martes, 12 de xullo: 16.30 a 21.30 h**16.30 h MÓDULO 3. Algunhas experiencias de mediación penal de adultos en España**

Ana María Carrascosa de Miguel, maxistrada, letrada do Servizo de Inspección do CXPX, adscrita para mediación ao gabinete técnico.

Helena Soletto Muñoz, prof. titular de Dereito Procesual da Universidad Carlos III de Madrid e directora do Máster en Mediación

19.00 h MÓDULO 4. Dereitos e garantías das vítimas e do suxeito pasivo na mediación penal

Ana María Carrascosa de Miguel, maxistrada, letrada do Servizo de Inspección do CXPX, adscrita para mediación ao gabinete técnico.

Helena Soletto Muñoz, prof. titular de Dereito Procesual da Universidad Carlos III de Madrid e directora do Máster en Mediación

Mércores, 13 de xullo: 16.30 a 21.30 h**MÓDULO 5. Dinámica do procedemento de mediación penal**

Esther Pascual Rodríguez, avogada (ICA Madrid); mediadora penal en xulgados de Madrid; doutora en Dereito e prof. de Dereito Penal da UPC.

Xoves, 14 de xullo: 16.30 a 21.30 h**MÓDULO 6. Adestramento nas técnicas, habilidades e recursos propios do procedemento de mediación penal**

José Castilla Jiménez, avogado (ICA Sevilla); mediador penal nos xulgados de Sevilla e do País Vasco; membro da Asociación Andaluza de Mediación.

Martes, 19 de xullo: 16.30 a 21.30 h**MÓDULO 6. Adestramento nas técnicas, habilidades e recursos propios do procedemento de mediación penal**

Elena Fernández de Markaida Goitia, mediadora penal; presidenta de ADOSTEN; responsable do SMI do País Vasco; coordinadora do SMI de Bizkaia.

Xoves, 21 de xullo: 16.30 a 21.30 h**MÓDULO 6. Adestramento nas técnicas, habilidades e recursos propios do procedemento de mediación penal**

Patricia Guilarte Gutiérrez, avogada; mediadora penal; directora do Programa de mediación intraxudicial penal de Valladolid e Zamora

Mércores, 27 de xullo: 16.30 a 21.30 h**MÓDULO 7. Talleres e simulacións**

Carlos Romera Pascual, avogado; mediador especialista en mediación penal e penitenciaria; ex-coordinador do SMP de Bizkaia.

Montserrat Martínez Camps, avogada; mediadora penal nos xulgados de Cataluña; ex-coordinadora do SMP do Departamento de Xustiza da Generalitat de Cataluña;



colaboradora na elaboración do Libro Branco da Mediación en Cataluña; docente en universidades de ámbito nacional e internacional.

Alberto José Olalde Altarejos, traballador social e mediador do SMP do Xulgado de Barakaldo; profesor da UPV.

Pendente

Xoves, 28 de xullo: 9.00 a 14.00 h e 16.30 a 21.30 h

9.00 h. MÓDULO 7. Talleres e simulacións

11.30 h. MÓDULO 7. Talleres e simulacións

16.30 h. MÓDULO 7. Talleres e simulacións

19.00 h. MÓDULO 7. Talleres e simulacións

Venres, 29 de xullo: 9.00 a 14.00 h

9.00 h. MÓDULO 7. Talleres e simulacións

11.30 h. MÓDULO 7. Talleres e simulacións

13.00 h. MÓDULO 8. Avaliación